

## ■ SESIÓN ESPECIAL: COOPERACION ESPAÑA- AMÉRICA LATINA

Relator: **Francisco Campos Freire**

Profesor da Universidade de Santiago de Compostela

Secretario da Asociación Galega de Investigadores e Investigadoras  
en Comunicación (AGACOM)

## ■ SESIÓN ESPECIAL: COOPERACION ESPAÑA- AMÉRICA LATINA

Ponente: **Francisco Campos Freire**

Profesor de la Universidad de Santiago de Compostela

Secretario de la Asociación Gallega de Investigadores e Investigadoras  
en Comunicación (AGACOM)

Polas tradicións culturais e circunstancias históricas, o noso país foi partícipe e actor de relacións e intercambios que deixaron importante pegada na nosa identidade. Citarei dúas: a ruta de Compostela e os Camiños de Santiago, por unha parte, e a estela da emigración, por outra. Tanto que dous dos tres símbolos oficiais de Galicia, a bandeira e o himno, xorden e fortalecen a nosa identidade desde a emigración americana. Hai apenas un mes (decembro de 2007), celebrábase o primeiro centenario da estrea do Himno de Galicia, que tivo lugar no Gran Teatro da Habana o 20 de decembro de 1907. Unha bandeira branca e azul que mira máis aló do mar, a conexión atlántica emocional dos nosos mariñeiros e emigrantes, por suposto, e un himno tomado dun dos nosos grandes poetas, Eduardo Pondal, que fala de pinos, dunha nación –a de Breogán, a rede celta tamén-, de verdes campos e noites de prácido luar, coma as que alimentaron durante séculos o mito do campo de estrelas de Compostela.

A nosa cultura e identidade galaica foise nutrindo sobre unha diversidade de influencias e procedencias. Non nos son alleas os corpos das súas linguas e culturas e algunhas das súas tradicións e experiencias históricas. Digo linguas, cultural, coñecemento, tradicións e experiencias, a partir das que as identidades van construindo dialécticamente o seu propio plural de diversidade e alteridade. As relacións e interrelacións mantivéronse durante séculos como reflicte a historia. Ese sentido da historia, das nosas respectivas historias, é unha chamada de atención que debería concitarnos con atención fronte á aceleración e o carpe diem co que nos envolve a chamada revolución dixital.



A sociedade da información, máis aló dese logotipo da globalización, como diría Mattelart, ponnos diante algún espellismos tecnocientíficos pero tamén ferramentas, conciencia e instrumentos críticos para contribuir a mellorar as nosas redes de coñecemento e relación social. Este congreso fundacional da Asociación Española de Investigadores da Comunicación debería marcar unha referencia, nese aspecto.

A Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, con máis de tres lustros de labor docente e científica, traballou desde a súa creación no estreitamento de lazos de comunicación, formación e coñecemento co obxectivo posto na integración dentro dun espazo iberoamericano de interculturalidade e diversidade, enriquecido polos nosos respectivos condominios lingüísticos e polas experiencias sociais mutuas da emigración. Por eso acolleu con entusiasmo e se volcou na organización deste Congreso.

Para apoiar, respaldar e impulsar eses mesmos obxectivos básicos, desde o ámbito asociativo xordeu un pouco máis recentemente –hai xustamente dez anos- a Asociación Galega de Investigadores e Investigadoras (AGACOM), que integra a preto de medio cento de membros e que amplía o espazo iberoamericano de interculturalidade tamén a tódalas outras comunidades da cultura lusófona do mundo. As nosas relacións e intereses de cooperación non só miran ós países hispanoamericanos senón tamén ós nosos queridos vecinos de Portugal, Brasil, Angola, Cabo Verde, Mozambique, Guinea Bissau e Santo Tomé. Non somos pequenos e ambiciosos senón, por pequenos, necesitados de visibilidade e relación. É a nosa opción e a nosa resposta participativa na sociedade da información.

Desde a celebración na nosa Facultade de Comunicación dos Congressos sobre a Periferia Atlántica, a organización por parte de AGACOM do VII Congreso Internacional de Comunicación Lusófona, que reuniu en Compostela a máis de 300 participantes, en abril de 2006, está presente ese vontade de cooperación e de establecemento de elos de interculturalidade. Tras o VII Congreso da Comunicación Lusófona, no que a presidenta de AGACOM (a profesora Margarita Ledo Andión) tamén asumiu a de LUSOCOM, se desenvolven varias iniciativas e proxectos:

- Consólidase e deposítase na Facultade de Comunicación de Santiago o Fondo Audiovisual da Lusofonía, que xa participou en varias exposicións e mostras científicas.

- Ponse en marcha a web da propia Asociación e o proxecto de creación dun portal multimedia de comunicación e relación científica.

- Acórdase crear unha rede de grupos de estudio e investigación das distintas asociacións.

- Posibilidade de elaborar programas de cooperación en materia de formación para a comunicación.

Para todo elo necesitamos a súa colaboración, a colaboración das asociacións e das entidades aquí representadas. Queremos atendelos o mellor posible, pero desexamos tamén de este congreso e desta sesión queden máis que declaracións de intencións. Ofrecémoslles o que temos e desexamos compartir con vostedes as súas culturas, coñecementos, proxectos científicos e experiencias.

O establecemento de relacións e redes docentes ou científicas, a extensión e intercambio de coñecemento, plásmase a través de intercambios, congresos, investigación, estancias, lectorados, doutorados, observatorios, asesoramentos e asociacións. Pero o recoñecemento, respecto e comprensión das nosas mutuas identidades non acaba coa manifestación e invocación retórica. Este espazo de interculturalidade e diversidade enriquecerase e fortalecerase co mellor coñecemento e recoñecemento das respectivas identidades. Un espazo, pois, para a ciencia e o coñecemento plural desde a interculturalidade.